



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DO DESENVOLVEMENTO EVOLUTIVO DO PROXECTO DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DAS LONXAS (LONXAS GALEGAS 4.0)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica formalizou coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante AMTEGA) o acordo de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 16 de outubro de 2019 ata o 30 de decembro de 2021.

Que o acordo de colaboración ten por obxecto:

Establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a participación conxunta no desenvolvemento evolutivo do proxecto de modernización tecnolóxica das lonxas e dos procesos que nelas se desenvolven.

Os proxectos que se van realizar derivados deste obxecto son os que seguen:

- Desenvolvemento evolutivo e apoio na solución de comercialización dispoñible (XESCOM), que permite a partires da información obtida na identificación, clasificación e pesada das capturas descargadas na lonxa, a súa poxa nas distintas modalidades, a emisión dos documentos relacionados coa comercialización dos produtos, a xeración das notas de primeira venda e a súa correcta transmisión á autoridade competente.
- Desenvolvemento evolutivo a apoio na solución de xestión dispoñible (XESLON) para as lonxas/confrarías, que permite a xestión da actividade propia da lonxa e da confraría (comercialización, subministracións, prestación de servizos, ...), a xestión da contabilidade, a xestión de cobros e pagos, a xestión dos impostos coas distintas administracións públicas e a xestión social da entidade (censo, información de interese, ...).
- Implantación de infraestrutura informática y de comunicacións (cableado, equipamento e traballos relacionados) necesaria para a óptima utilización das solucións mencionadas (XESLON e XESCOM) nas lonxas e confrarías adheridas ao proxecto.

Asemade desenvolverase polas partes calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima recollida na cláusula segunda do acordo de colaboración. No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, ou que requiran un incremento do orzamento asignado no presente acordo, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula e o financiamento relacionado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o acordo de colaboración que se asina se fundamenta no seguinte:





O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido, o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, os mercados, a comercialización, a manipulación, a transformación e a conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: “7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos.”

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a mellora da dotación dos equipamentos nos portos pesqueiros, lugares de desembarque e ancoradoiros e a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade. Neste senso, a modernización tecnolóxica das lonxas e dos procesos de comercialización e xestión que nelas se desenvolven, redundará nunha xestión máis eficiente do sector pesqueiro, tanto no relativo a comercialización, como na trazabilidade dos produtos e un incremento da seguridade alimentaria.

Segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

O Regulamento (UE) 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, recolle no seu artigo 68, Medidas de comercialización, as actuacións que se poden financiar neste ámbito de actuación, entre as que se encontran: mellorar a comercialización dos produtos, o fomento da calidade e o valor engadido, a contribución á trazabilidade dos produtos, a certificación e a promoción dos produtos da pesca costeira artesanal, a realización de campañas de comunicación e promoción para sensibilizar ao público respecto dos produtos da pesca e a acuicultura sostibles. Estas accións desenvólvense a través do establecido no Programa Operativo do FEMP 2014-2020 de España para a o Obxectivo/Medida do FEMP, 5.1.3: Medidas de comercialización.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia. A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Con data 16 de setembro de 2016 asinouse un acordo de colaboración entre a Consellería de Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o financiamento e sustentabilidade do proxecto de modernización tecnolóxica de lonxas, posteriormente adendado con data 27 de xuño de 2017. Este acordo ten previsto a súa finalización límite o 30 de novembro de 2019. Dado a existencia dos requisitos normativos de trazabilidade e da comercialización dos produtos pesqueiros no ámbito da Política Pesqueira Común e da Organización Común de Mercados, e o seu constante cambio, faise preciso garantir a súa necesaria evolución coa incorporación de novas funcionalidades e requisitos, de cara ao desenvolvemento evolutivo das prestacións actuais. Tendo en conta o anterior, faise necesario desenvolver un novo acordo que comprenda as anualidades 2019, 2020 e 2021 e que permita incluír as novas necesidades e a evolución





dos proxectos existentes.

Desde a efectividade da integración na AMTEGA dos servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións da Consellería do Mar, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións corresponde, con carácter exclusivo, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Non obstante, en atención a súa tipoloxía, os expedientes financiados con fondos FEMP continuarán sendo xestionados pola Consellería do Mar ata que pola AMTEGA se cumpran todos os requisitos legalmente establecidos para asumir a xestión antedita.

Tendo isto en conta, e de cara a conciliar esta excepción coa competencia exclusiva da AMTEGA para a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións, cómpre levar á cabo este acordo de colaboración para o soporte dos traballos, cofinanciados con FEMP, que teñen como obxecto principal a modernización tecnolóxica das lonxas e dos procesos que nelas se desenvolven; traballos que deben ser dirixidos, e coordinados pola AMTEGA.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do acordo de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

